



ACTA DA COMISIÓN DE SEGUEMENTO DO PACTO DE NOMEAMENTOS DE CONTINUIDADE DO 3 DE SETEMBRO DE 2025

Pola Administración

María Begoña Caamaño del Castillo.
Subdirectora xeral de Xestión de Profesionais.

Nieves Fiel Paz. Subdirectora xeral de Desenvolvemento Profesional e Sistemas de Información.

Polas organizacións sindicais (OOSS):

Carlos Castro Rivas (CSIF)

Carolina Moldes Castiñeira (CSIF)

Carlos Cancela Rodríguez (UGT)

Javier Martínez Fente (UGT)

Verónica Peteiro Fernández (SATSE)

M^ª Emma Rodríguez Corte (SATSE)

Lugar: Sala de reunións do Servizo Galego de Saúde. Edificio Administrativo de San Lázaro. Santiago de Compostela.

Hora de comezo: 10:00 h.

Hora de remate: 12:00 h.

Asistentes: as persoas que se relacionan no cadro adxunto.

Orde do día:

Punto único. Seguimento dos Nomeamentos de Continuidade

A Subdirectora Xeral de Xestións de Profesionais inicia a sesión explicando a necesidade de converter aqueles nomeamentos de continuidade nos que os profesionais van a estar vinculados 3 anos en prazas vacantes cubertas con interinos.

Os nomeamentos de continuidade activos en agosto de 2025 son: 210 contratos de enfermaría e 6 de medicina de familia.

Destes contratos, 46 cumprirán 3 anos durante o ano 2026, polo que cómpre decidir a creación da praza estrutural, e así se tentará de formular nos próximos Orzamentos.

A administración quere deixar claro que as novas prazas ocuparanse con contratos de interinidade ofertados aos profesionais que levan nestes nomeamentos de continuidade tres anos, é dicir, non se fará un novo chamamento por listas.

Presentarase aos sindicatos a relación de prazas por Área Sanitaria a finais do mes de setembro ou primeiros de outubro.

En canto ao resto de Nomeamentos de Continuidade pedirase ás Xerencias un informe para a súa conversión en prazas estruturais en función da necesidades nos servizos correspondentes, a

definición dos postos de traballo e ubicación dos mesmos correspondera ás Xerencias.

As alegacións presentadas polos sindicatos son as seguintes:

CSIF, está de acordo en que os Nomeamentos de Continuidade superiores a tres anos se convertan en interinidades en praza vacante. En referencia á proposta da creación das prazas estruturais como itinerantes, opóñense e indican que deben ser estabilizadas nun centro ou servizo, non como correturnos de varios centros ou servizos.

UGT, mantén tamén o acordo dado que o fin do Nomeamentos de Continuidade é a creación de prazas estruturais.

SATSE, deixa claro que as prazas estruturais non deben ser correturnos. Solicitamos que se establezcan as prazas ao cumprir os tres anos, independentemente do tempo que leve o titular. Tamén plantexamos a opción de cando unha praza quede descuberta por cambio de titular se poida ofertar de maneira automática ou que se axilice o proceso.

A administración, tal e como expresou anteriormente, recorda que o resto de Nomeamentos de Continuidade será en función do informe das Xerencias sobre a necesidade de praza estrutural nunha unidade.

Logo de tratar os asuntos recollidos na orde do día, dáse por finalizada a reunión ás 12:00 horas.

Pola Administración



Polas organizacións sindicais



SATSE

